

inferniño

A Coruña— Golfo Ártabro



A Coruña

Pazo de Mariñán

Pontedeume


Mosteiro de Caaveiro —
Fragas do Eume

A Coruña

#Imprescindible

Bordear toda a costa polo impresionante paseo marítimo ata a Torre de Hércules, un faro de orixe romana patrimonio da humanidade desde o 2009. A praza de María Pita, as galerías da Mariña, o acuario e os museos científicos son tamén lugares esenciais.

 [Como chegar](#)



Pazo de Mariñán

#Recomendable


Precioso Pazo á beira do río Mandeo, situado no municipio de Bergondo, cun impresionante xardín da escola francesa con fontes e especies exóticas.

 [Como chegar](#)

Pontedeume

#Histórico

Fermosa vila mariñeira na ribeira do Eume fundada por Alfonso X O Sabio no século XIII. Feudo dos Andrade, unha histórica familia da nobreza galega que deixou para a posteridade un castelo e un belo torreón.

 [Como chegar](#)



Mosteiro de Caaveiro — Fragas do Eume

#Máxico

Antigo mosteiro situado nunha das paraxes naturais máis impresionantes de Galicia: as Fragas do Eume, un frondoso bosque autóctono anterior ao 936.

 [Como chegar](#)

Degustar

Rte. La Penela (A Coruña)

Situado en plena Praza de María Pita, é todo un clásico da cidade. Deliciosa tortilla e boa carne asada.

www.lapenela.com
981 209 200

 [Como chegar](#)

O Remo. Casa de Comidas

Antiga taberna de mariñeiros, un pequeno lugar onde comer ben e a bo prezo sen demasiadas formalidades. Recomendable a tortilla, o guiso de coello e o polo de curral caseiro. Polo seu espazo reducido, convén a reserva previa.


981 205 067

 [Como chegar](#)

A Pulpeira de Melide

Local familiar que se reinvestiu para ofrecer un novo concepto. Ademais de polo seu polbo, sorprenden as súas coidadas e orixinais elaboracións.

info@pulpeirademelide.com
www.pulpeirademelide.com
981 152 197

 [Como chegar](#)

Domus Casa Pardo

Un clásico da cociña tradicional de A Coruña cunha nova localización. Cociña de raíces galegas baseada no produto de tempada.

contacto@casapardo.es
www.casapardo.es
686 502 677

 [Como chegar](#)

Árbore da Veira

Restaurante con estrela Michelin, un imprescindible coruñés. Cociña de autor, vangardista, que busca facer da cociña unha experiencia visual.

arboredaveira@arboredaveira.com
arboredaveira.com
981 078 914

 [Como chegar](#)

Restaurante Alborada

Moderno local no que se ofrece unha cociña de autor de alto nivel, coa gastronomía galega como base. Boa adegas e ambientación.


info@alboradahosteleria.com
restaurantesalborada.com
981 929 201

 [Como chegar](#)

Culuca Cociña-Bar

Divertido local, perfecto para probar un innovador petisco acompañado duns bos combinados.

info@culuca.com
culuca.com
981 978 898

 [Como chegar](#)

Mapa da excursión

